

# **Impulsar a loita con novas mobilizacíons que conflúan nunha folga xeral!**

**A**s mobilizacíons que tiveron lugar durante toda a semana pasada con decenas de miles de mozos, estudantes, traballadores, parados e pensionistas nas rúas de todo o Estado, irromperon na escena política cunha forza tan grande que o debate electoral virou en torno ó que estaba sucedendo na Porta do Sol e as prazas de numerosas cidades, incluíndo as sete cidades galegas.

Os motivos que impulsaron por centos de miles a mobilizarse son claros: o desemprego masivo —especialmente entre a mocidade—, a precariedade laboral, os salarios de 600 e 700 euros, os últimos ataques e recortes sociais aprobados polo goberno e o feito de que sexamos as familias traballadoras as que paguemos o prezo da crise, mentres os grandes banqueiros e os empresarios teñan beneficios insultantes.

A dereita, e os seus medios de comunicación non tardaron en criminalizarnos, á vez que esixían unha intervención contundente da policía para desalojar as prazas e así preservar “as liberdades e a democracia”. A hipocrisia do PP ó erixirse como máximo defensor dos dereitos democráticos non enganou a ningún. O que lle pasa a este partido, con vínculos históricos coa ditadura franquista, é que está aterrado ante un movemento masivo de mozos e traballadores cun marcado carácter anticapitalista.

## **Os resultados do PSOE o 22-M: o prezo a pagar por unha política de dereitas**

A política aplicada durante os últimos anos por Zapatero, e especialmente os recortes e axustes contra a maioría da poboación seguindo os ditados dos bancos e as grandes empresas, provocaron unha caída histórica nos resultados obtidos polo PSOE. A cesión do goberno ante os poderes económicos do capitalismo e a frustración da súa base social é o que permitiu ó PP obter un resultado sen precedentes. A vitoria da dereita non pode ser tratada como un asunto menor porque

supón unha seria ameaza para o movemento 15-M e para todos aqueles que loitamos polos nosos dereitos.

Nas asembleas destes días asistimos a un amplio debate de ideas. Algúns compañeiros expuxeron que o movemento 15-M debe situarse á marxe da “dereita ou a esquerda”, introducindo prexuízos contra a política. Desde o Sindicato de Estudantes combatemos esta idea día tras día explicando como o movemento estaba deixando clara a súa identidade anticapitalista e de esquerda, e que a inmensa maioría dos que estabamos na rúa sufriamos o paro masivo, a precariedade, os baixos salarios e a represión. Por iso non somos apolíticos, senón vítimas dunha política moi definida, a que defende os intereses dos grandes capitalistas, fronte á deterioración das nosas condicións de vida.

Tamén vimos a algúns compañeiros que, ante a intervención con follas, adhesivos e xornais da esquerda, achegando cada un a súa voz e a súa opinión sobre como fortalecer o movemento, trataban de negar este derecho fundamental á liberdade de expresión a quen o estaba exercendo. A que temen estes compañeiros? É unha contradición defender a “democracia real” e á vez sostener este discurso marcadamente autoritario. Pretender tutelar o que os mozos que participabamos nas manifestacións podemos ou non podemos ler ou escoltar, ademais de ser profundamente antidemocrático só beneficia ós nosos inimigos.

## **Necesitamos dotarnos dun programa revolucionario para vencer**

Os nosos inimigos están organizados e teñen ideas políticas moi concretas. Seica nós non temos a obrigación tamén de organizarnos e defender ideas que beneficien á maioría? O que necesitamos é dotarnos dun programa e unhas reivindicacións que esixan a retirada de todos os recortes e axustes; que expoña medidas para que os recursos que se necesitan para loitar

contra o paro, para gozar dunha sanidade e educación pública e digna, dunha vivenda alcanzable... arrínquense ós bancos e grandes empresarios que estiveron lucrándose nos últimos anos. Isto é, dotarnos dun programa de esquerdas e anticapitalista, ó redor do que organizarnos e que defenda con claridade os nosos intereses e dereitos. En numerosas asembleas celebradas estes días este era o contido de moitas das intervencións dos mozos que participamos nelas.

É certo que debido ó abandono que os mozos e os traballadores sufrimos por parte das direccións sindicais e dos grandes partidos da esquerda durante moiato tempo, xerouse un ambiente de frustración e rexeitamento cara á “política oficial” entre moita xente. Pero non por iso debemos deixar de sinalar que a responsabilidade de que nos atopemos sen casa, sen traballo e coas pensións en dúbida, é do sistema capitalista e daqueles partidos e organizacións que defenden os seus intereses e adoptan medidas contra a maioría da poboación. Se queremos democracia real, necesitamos transformar a sociedade e acabar co capitalismo. A democracia sen xustiza social non é real.

### **Continuar a loita incorporando á clase traballadora**

Para avanzar nesta loita é fundamental gañar o apoio do movemento obreiro e orientarnos cara a el, cara ós centos de miles de traballadores e de miles de delegados sindicais que tamén sufren a crise e opónense á política dos seus dirixentes.

Esta idea foi recollida con forza pola Asemblea que se formou en Málaga emulando á da Porta do Sol de Madrid, aprobando unha resolución pola cal convocaron para o venres 27 de Maio unha manifestación e propondo que se organice unha Folga Xeral de 24 horas. Propostas semellantes foron apoiadas nas asembleas de Sevilla, Valencia, Tarragona e outras. Iso é o que hai que facer: organizar unha gran mobilización unitaria en todo o Estado o mesmo día e á mesma hora, e esixir ás direccións de CCOO e UGT que abandonen a súa postura de pactos co Goberno e a patronal e impulsen a organización dunha gran Folga Xeral en coordinación co movemento do 15-M.

Desde o Sindicato de Estudantes, que estamos participando nas asembleas do movemento 15-M, pensamos que este é o camiño: ampliar e estender a nosa loita ó conxunto da mocidade e os traballadores, como vimos en Grecia, en Portugal, en Francia e no mundo árabe.

- **Retirada inmediata de todos os plans de ataque** contra a mocidade e as familias traballadoras.
- **Non ós recortes orzamentarios** en sanidade, educación e nas prestacións sociais.
- **Basta de regalar diñeiro público ós banqueiros, empresarios e especuladores.** Que se nacionalice a banca para empregar os recursos de todos en obras públicas, sanidade e educación, dando emprego a millóns de parados!
- **Non á contrarreforma laboral e o despedimento barato. Non ó recorte das pensións e á ampliación da idade de xubilación.**
- **Contra o paro:** Subsidio de desemprego indefinido de 1.100 € ó mes ata atopar un posto de traballo. Redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen redución salarial.
- **Por unha vivenda digna!** Nacionalización das grandes construtoras para crear un gran parque público de vivendas en aluguer a un prezo non superior ó 10% do SMI.
- Inicio dun **plan económico para crear emprego** (investimentos en infraestruturas, servizos sociais e outras industrias) non baseado nos intereses dos capitalistas senón nos intereses da maioría.
- **Incremento drástico dos impostos ás grandes fortunas**, ós beneficios empresariais e á banca. Combater a fraude fiscal e a fuga de capitais coa confiscación dos patrimonios e das contas dos ricos implicados.
- **Basta de represión contra a mocidade!**

**Como en Portugal, Francia, Grecia e o mundo árabe!  
Contra o capitalismo e a súa crise!**

**Non á ditadura dos banqueiros, non ós recortes sociais!  
Impulsar o movemento con novas accións  
e manifestacións que conflúan  
nunha nova folga xeral!**



[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)

sindicato@sindicatodeestudiantes.net

**Sindicato de Estudantes**